

Inglés pendiente de cursos anteriores

Información xeral

Haberá tres probas parciais para poder recuperar a materia pendente de cursos anteriores e, por tanto, dividiranse os contidos da materia pendente entre estes tres parciais co fin de alixear a carga de estudo.

1ª AVALIACIÓN Exame parcial	2ª AVALIACIÓN Exame parcial	3ª AVALIACIÓN Exame parcial
21 de novembro de 2022 ás 10:45 (3ª hora) na aula de idiomas	27 de febreiro de 2023 ás 10:45 (3ª hora) na aula de idiomas	17 de abril de 2023 ás 10:45 (3ª hora) na aula de idiomas

Para poder preparar os contidos de cada unha destas tres probas parciais de pendentes, o alumnado recibirá un boletín de exercicios de repaso que, unha vez realizados, deberán ser entregados para a súa corrección ao seu profesor/a do curso actual. **A entrega da totalidade destes exercicios de recuperación, correctamente realizados e entregados dentro do prazo establecido, suporá unha bonificación de ata 1 punto extra sobre a nota obtida en cada unha das probas parciais de pendentes.**

Para obter a cualificación final da materia pendente, farase a media aritmética das notas obtidas nas tres avaliacións parciais. Superará a materia aquel alumnado que obteña, como mínimo, 5 puntos sobre 10.

No caso de non superar a materia pendente a través da realización das probas parciais, o alumnado deberá presentarse ao exame final con todos os contidos da materia pendente.

ESO EXAME FINAL	BACHARELATO EXAME FINAL
22 de maio de 2023 ás 10:45 (3ª hora) na aula de idiomas	Convocatoria extraordinaria <i>(data pendente de publicación)</i>

En todas as probas (parciais e final) haberá exercicios de:

- **Comprensión escrita (*reading*) → 20%**
- **Expresión escrita (*writing*) → 20%**
- **Vocabulario e gramática (*use of English*) → 60%**

Non resultará apto aquel alumno/a que deixe totalmente en branco algún deses apartados do exame e pretenda compensar coas restantes partes.